

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV01	Carrozaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0257	Preparación de superficies	2023/2024	8	172	172

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SILVIA FOLGUEIRA RICO,DIEGO FERNÁNDEZ FREIJE (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Decreto 59/2010, do 18 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en carrozaría.

O título de técnico en carrozaría identifícase polos seguintes elementos:

Denominación: carrozaría.

Nivel: formación profesional de grao medio.

Duración: 2.000 horas.

Familia profesional: transporte e mantemento de vehículos.

Referente europeo: CINE-3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Na comarca de Ferrol os alumnos teñen como saída laboral maioritariamente os talleres de reparación de vehículos lixeiros, talleres de reparación de vehículos industriais, empresas de guías de tasación dixitais e peritación de automóbiles (GtMotive), tendas de recambios do automóbil, desguaces, etc.

A finalidade do módulo é a de formar un técnico capaz de realizalas operacións de preparación de superficies, cunha calidade mínima, axustándose ós procedementos establecidos e cumprindo coas normas de seguridade e protección medio-ambiental.

O módulo contribúe a acadar as seguintes competencias:

- a) Identificar os procesos de reparación interpretando información técnica incluída en manuais e catálogos segundo o bo facer profesional.
- b) Buscar e diagnosticar deformacións nas estruturas dos vehículos, seguindo os procedementos establecidos e o bo facer profesional.
- f) Preparar, protexer e embelecer superficies do vehículo aplicando procedementos definidos.
- h) Verificar os resultados das intervencións mediante a comparación cos estándares de calidade establecidos en fábrica.
- i) Realizar o mantemento de primeiro nivel na maquinaria e nos equipamentos, de acordo coa ficha de mantemento e coa periodicidade establecida.
- j) Aplicar os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais de acordo co establecido na normativa.
- l) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos dentro do ámbito da súa competencia.
- m) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- q) Participar na vida económica, social e cultural con actitude crítica e responsabilidade.

O módulo contribúe a acadar os seguintes obxectivos xerais:

- a) Interpretar a información e, en xeral, a linguaxe simbólica en relación coas operacións de mantemento e reparación na área de carrozaría, para caracterizar o servizo que cumpra realizar.
- b) Seleccionar as máquinas, os útiles, as ferramentas e os medios de seguridade necesarios, e identificar as súas características e as súas aplicacións, para efectuar os procesos de mantemento na área de carrozaría.
- c) Identificar as deformacións e analizar as súas posibilidades de reparación, para determinar o proceso de reconformación.
- f) Caracterizar os procedementos de protección anticorrosiva e de correccións xeométricas e superficiais, e identificar a secuencia de etapas asociadas para protexer, preparar e igualar superficies de vehículos.
- h) Caracterizar o funcionamento dos medios aerográficos e da cabina de pintura, tendo en conta o aspecto final buscado, para efectuar o embelecemento e a reparación de defectos de superficies de vehículos.
- k) Describir os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, identificando as accións que se deben realizar nos casos definidos, para actuar de acordo coas normas estandarizadas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Prevención de riscos laborais e protección ambiental.	Prever os riscos laborais e protección ambiental.	6	10
2	Preparación e igualación de superficies	Estudar os abrasivos e maquinas empregadas para o lixado, estudar e aplicar masillas	70	30
3	Tratamentos anticorrosivos no automovil	Análise da corrosión en carrocería e reparación	15	15
4	Aplicación de revestimentos antisonoros, de recheo e de selamento	Aplicar revestimentos antisonoros, de recheo e de selamento	16	15
5	Aplicación de aparellos na area de carrocería	Aplicar aparellos na area de carrocería	65	30

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Prevención de riscos laborais e protección ambiental.	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles e máquinas do taller de pintura.
CA6.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución das operacións da área de pintura.
CA6.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de traballo que se empregan nos procesos de pintura.
CA6.4 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA6.5 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA6.6 Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Riscos inherentes ao taller de pintura.
Medios de prevención.
Prevención e protección colectiva.
Equipamentos de protección individual (EPI).
Sinalización e seguridade no taller.
Fichas de seguridade.
Xestión ambiental.
Almacenaxe e retirada selectiva de residuos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación e igualación de superficies	70

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara superficies para igualacións dimensionais e de forma, e xustifica a técnica seleccionada.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Limpáronse e desengraxáronse inicialmente as superficies que haxa que tratar.
CA3.2 Cumpríronse as normas de seguridade durante o manexo dos disolventes de limpeza.
CA3.3 Preparáronse as zonas de aplicación eliminando bordos e igualando a planitude coa pintura vella.
CA3.4 Realizouse a preparación de produtos seguindo as regras de proporción de mesturas que indiquen as súas fichas técnicas.
CA3.5 Aplicáronse os produtos tendo en conta os grosos das capas e o seu tempo de secadura.
CA3.6 Aplicáronse masillas tendo en conta o tipo de superficie.
CA3.7 Utilizáronse os equipamentos, as zonas de preparación con planos aspirantes e as ferramentas adecuadas.
CA3.8 Explicáronse todas as técnicas de lixadura e os abrasivos para utilizar, os graos de abrasión adecuados a cada traballo, os modelos de abrasivo e os tipos de máquinas máis acaídos en cada caso.
CA3.9 Lixáronse as zonas enmasilladas tendo en conta o tipo de superficie e o abrasivo, a máquina e o sistema de aspiración de po que se vaia empregar.
CA3.10 Empregáronse guías de lixadura nos procesos de igualación.
CA3.11 Verificouse que o acabado cumpra os estándares de calidade.
CA3.12 Utilizáronse EPI de protección adecuados ao traballo de lixadura.
CA3.13 Fíxose o mantemento periódico do plano aspirante e do resto dos equipamentos da zona de preparación.

4.2.e) Contidos

Contidos
Equipamento e técnicas de limpeza.
Masillas de recheo de aplicación con espátula e con pistola: tipos, características e aplicación. Instalacións e servizos na zona de preparación.
Equipamentos e ferramentas para o proceso de igualación de superficies. Cabinas de aplicación. Planos aspirantes de lixadura. Pistolas aerográficas. Equipamentos e técnicas para a secadura do produto.
Lixadura. Proceso de lixadura. Abrasivos: constitución, tipos e graos. Equipamentos de lixadura. Máquinas lixadoras: tipoloxía en función da súa forma, da traxectoria de corte de partículas e do tipo de motor. Equipamentos de aspiración de po. Guías de li

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Tratamentos anticorrosivos no automovil	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona tratamentos anticorrosivos tendo en conta a relación entre as capas de protección e as zonas que cumpra protexer.	SI
RA2 - Aplica proteccións anticorrosivas, e analiza os procedementos de preparación e de aplicación dos produtos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os fenómenos de corrosión en materiais metálicos.
CA1.2 Descríbense os factores de ataque por corrosión.
CA1.3 Realízase diagramas de procedementos de protección activa e pasiva.
CA1.4 Explicáronse os ensaios de corrosión.
CA1.5 Descríbense os tratamentos anticorrosivos utilizados na fabricación de vehículos.
CA1.6 Clasifícanse as zonas máis comúns de ataque por corrosión do vehículo.
CA1.7 Descríbense os riscos de corrosión provocados polos traballos de reparacións da carrozaría e as técnicas para reducir estes afectos.
CA1.8 Descríbense as proteccións anticorrosivas empregadas durante as reparacións de vehículos.
CA1.9 Seleccionáronse produtos anticorrosivos en función da zona que haxa que protexer.
CA2.1 Identifícanse as zonas e os elementos afectados que necesiten tratamento.
CA2.2 Interpretouse a documentación técnica, tendo en conta a relación da simboloxía e das especificacións cos tratamentos que se apliquen.
CA2.3 Seleccionouse a técnica para aplicar segundo a superficie ou o elemento que se queira protexer.
CA2.4 Realizáronse decapaxes, neutralizando os refugallos dos produtos utilizados e preparáronse as superficies.
CA2.5 Seleccionáronse os equipamentos necesarios, aprendeuse o seu manexo básico e axustáronse os parámetros ao estipulado.
CA2.6 Efectuouse a lixadura de fondo das pezas para reparar.
CA2.7 Explicáronse técnicas e ferramentas de lixadura de limpeza de fondo.
CA2.8 Utilizáronse os EPI adecuados e protexéronse os vehículos e as persoas na zona de acción das máquinas radiais.
CA2.9 Efectuáronse operacións de electrocincaxe en superficies metálicas e neutralización dos refugallos.
CA2.10 Preparáronse imprimacións utilizando regras de proporcionalidade na realización de mesturas, e controlouse a viscosidade.

Criterios de avaliación
CA2.11 Aplicáronse imprimacións fosfatantes tendo en conta a documentación técnica de fábrica dos produtos.
CA2.12 Aplicáronse imprimacións segundo especificacións técnicas.
CA2.13 Respectáronse as normas de uso dos produtos descritas nas súas fichas de seguridade.
CA2.14 Verificouse a ancoraxe ao soporte dos produtos aplicados.
CA2.15 Utilizáronse os EPI axeitados durante as aplicacións de imprimación.

4.3.e) Contidos

Contidos
Fenómeno da corrosión: corrosión nos materiais metálicos.
Factores de ataque da corrosión ao vehículo: zonas primarias; ataque a traveseiros; corrosión interna e externa.
Estanquidade como calidade do acabado na reparación. Consideración das saídas de auga.
Protección anticorrosiva activa e pasiva.
Ensaio de corrosión de curta e de longa duración.
Características dos recubrimentos de cinc. Metais de sacrificio.
Procesos de protección anticorrosiva e de igualación aplicados en fabricación e reparación.
Produtos de protección e de igualación de superficies empregados en reparación.
Procesos que se poden escoller para cada reparación.
Proteccións anticorrosivas en reparación.
Coñecemento dos riscos dos peróxidos sobre as mucosas
Técnicas de ancoraxe.
Técnicas de decapaxe.
Electrocincaxe: equipamentos; preparación das disolucións de cinc.
Técnicas de electrocincaxe.
Imprimacións: fosfatantes e EPOXI.
Activadores e catalizadores.
Pictogramas.
Coñecemento de técnicas de preparación de produtos mesturados por volume e por peso.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Aplicación de revestimentos antisonoros, de recheo e de selamento	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica revestimentos antisonoros, de recheo e de selamento, tendo en conta a relación entre as características do produto e a súa situación no vehículo.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Interpretouse a documentación técnica tendo en conta a relación entre a súa simboloxía e o desenvolvemento dos procesos.
CA5.2 Selecciónáronse os medios e axustáronse os parámetros de funcionamento.
CA5.3 Aplicáronse revestimento para baixos e conseguíronse distintos acabamentos en función da técnica de pulverización.
CA5.4 Aplicáronse revestimentos antigraiva lisos e rugosos tendo en conta a cor do vehículo.
CA5.5 Aplicáronse ceras protectoras de cavidades e logrouse a impermeabilización da zona.
CA5.6 Aplicáronse espumas poliuretánicas nas zonas especificadas.
CA5.7 Aplicáronse revestimentos en cordóns de soldadura.
CA5.8 Aplicáronse pranchas antisonoras nas zonas especificadas.
CA5.9 Realizáronse as especificacións de calidade estipuladas por fábrica.
CA5.10 Fíxose a recollida selectiva dos refugallos e a limpeza dos útiles.

4.4.e) Contidos

Contidos
Interpretación de documentación técnica.
Equipamentos e ferramentas para a aplicación de revestimentos e seladores.
Protección para baixos.
Revestimentos: técnicas de pulverización. Revestimentos antigraiva.
Protección de cavidades.
Protección fronte aos ruidos: espumas poliuretánicas, pranchas antisonoras, etc.
Produtos de estanquidade.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Aplicación de aparellos na area de carrocería	65

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica aparelamentos tendo en conta as características da superficie que se vaia tratar.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Seleccionouse o tipo de aparelamento segundo a súa clasificación e as características da superficie que se vaia aparelar.
CA4.2 Comprobase que o enmascaramento cubra as zonas adxacentes.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos necesarios e axustáronse os parámetros de funcionamento.
CA4.4 Realizouse a mestura (aparelamento, catalizador e diluínte) respectando a proporción marcada na folla técnica do produto.
CA4.5 Efectuouse a preparación da superficie mediante lixadura, desengraxamento e recollida de po, utilizando os pasos correctos da lixadura.
CA4.6 Aplicáronse aparelamentos de prepintado, de alto grosor e húmido sobre húmido, respectando os tempos de evaporación.
CA4.7 Decidiuse a técnica de aparelamento coloreado ou a técnica de grises, en función da zona ou do descrito en fábrica.
CA4.8 Empregáronse técnicas de aplicación de aparelamento con pistola, respectando as presións adecuadas en función do dano que se repare.
CA4.9 Empregáronse técnicas de secadura e acabamento.
CA4.10 Aplicáronse correctamente os sistemas de secadura rápida.
CA4.11 Efectuáronse as lixaduras necesarias ata obter as características dimensionais e de forma, sen defectos na superficie.
CA4.12 Verificouse que a superficie aparelada reúna os requisitos de calidade necesarios para a aplicación das capas de embelecemento.

4.5.e) Contidos

Contidos
Proceso de aparelamento.
Aditivos, catalizadores e disolventes.
Realización de mesturas: por volume, regras e por peso. Balanzas
Aparellamentos prepintados.
Aparellamentos de alto grosor.
Aparellamento húmido sobre húmido.
Técnica de aplicación do aparelamento con pistola.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles

Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles e máquinas do taller de pintura.

Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles e máquinas do taller de pintura.

Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

Limpáronse e desengraxáronse inicialmente as superficies que haxa que tratar.

Cumpríronse as normas de seguridade durante o manexo dos disolventes de limpeza.

Preparáronse as zonas de aplicación eliminando bordos e igualando a planitude coa pintura vella.

Realizouse a preparación de produtos seguindo as regras de proporción de mesturas que indiquen as súas fichas técnicas.

Aplicáronse os produtos tendo en conta os grosos das capas e o seu tempo de secadura.

Aplicáronse masillas tendo en conta o tipo de superficie.

Explicáronse todas as técnicas de lixadura e os abrasivos para utilizar, os graos de abrasión adecuados a cada traballo, os modelos de abrasivo e os tipos de máquinas máis acaídos en cada caso.

Lixáronse as zonas enmasilladas tendo en conta o tipo de superficie e o abrasivo, a máquina e o sistema de aspiración de po que se vaia empregar.

Utilizáronse EPI de protección adecuados ao traballo de lixadura.

Descríbense os fenómenos de corrosión en materiais metálicos.

Realizouse diagramas de procedementos de protección activa e pasiva.

Descríbense os tratamentos anticorrosivos utilizados na fabricación de vehículos.

Clasificáronse as zonas máis comúns de ataque por corrosión do vehículo.

Descríbense as proteccións anticorrosivas empregadas durante as reparacións de vehículos.

Seleccionáronse produtos anticorrosivos en función da zona que haxa que protexer.

Identificáronse as zonas e os elementos afectados que necesiten tratamento.

Interpretouse a documentación técnica, tendo en conta a relación da simboloxía e das especificacións cos tratamentos que se apliquen.

Realizáronse decapaxes, neutralizando os refugallos dos produtos utilizados e preparáronse as superficies.

Seleccionáronse os equipamentos necesarios, aprendeuse o seu manexo básico e axustáronse os parámetros ao estipulado.

Efectuouse a lixadura de fondo das pezas para reparar.

Explicáronse técnicas e ferramentas de lixadura de limpeza de fondo.

Utilizáronse os EPI adecuados e protexéronse os vehículos e as persoas na zona de acción das máquinas radiais.

Preparáronse imprimacións utilizando regras de proporcionalidade na realización de mesturas, e controlouse a viscosidade.

Aplicáronse imprimacións fosfatantes tendo en conta a documentación técnica de fábrica dos produtos.

Aplicáronse imprimacións segundo especificacións técnicas.

Utilizáronse os EPI axeitados durante as aplicacións de imprimación.

Interpretouse a documentación técnica tendo en conta a relación entre a súa simboloxía e o desenvolvemento dos procesos.

Aplicáronse revestimento para baixos e conseguíronse distintos acabamentos en función da técnica de pulverización.

Aplicáronse revestimentos antigraiva lisos e rugosos tendo en conta a cor do vehículo.

Aplicáronse ceras protectoras de cavidades e logrouse a impermeabilización da zona.

Aplicáronse revestimentos en cordóns de soldadura.

Realizáronse as especificacións de calidade estipuladas por fábrica.

Fixose a recollida selectiva dos refugallos e a limpeza dos útiles.

Seleccionouse o tipo de aparelamento segundo a súa clasificación e as características da superficie que se vaia aparelar.

Comprobouse que o enmascaramento cubra as zonas adxacentes.

Seleccionáronse os equipamentos necesarios e axustáronse os parámetros de funcionamento.

Realizouse a mestura (aparelamento, catalizador e diluínte) respectando a proporción marcada na folla técnica do produto.

Efectuouse a preparación da superficie mediante lixadura, desengraxamento e recollida de po, utilizando os pasos correctos da lixadura.

Decidiuse a técnica de aparelamento coloreado ou a técnica de grises, en función da zona ou do descrito en fábrica.

Empregáronse técnicas de aplicación de aparelamento con pistola, respectando as presións adecuadas en función do dano que se repare.

Empregáronse técnicas de secadura e acabamento.

Aplicáronse correctamente os sistemas de secadura rápida.

Efectuáronse as lixaduras necesarias ata obter as características dimensionais e de forma, sen defectos na superficie.

Verificouse que a superficie aparelada reúna os requisitos de calidade necesarios para a aplicación das capas de embelecemento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os alumnos deberán superar os mínimos exixibles para superar o módulo.

Realizaranse:

1.- Avaliación inicial para valorar o nivel de coñecementos de que dispoñen os alumnos de partida, para establecer o punto de inicio dos contidos a desenrolar durante o curso académico.

2.- Avaliación procesual, estando composta por dúas variables:

- Contidos (avaliados mediante probas escritas(40%))

- Procedementos (Destrezas e habilidades avaliadas mediante táboas de observación e listas de cotexo).

A nota de cada avaliación será a suma das notas parciais de cada unha destas variables, aplicando a cada unha delas o seguinte porcentaxe:

-Contidos-----40%

Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación. En caso de facerse varias probas escritas, a nota corresponderá á media aritmética das mesmas.

A nota final calcularase facendo a media aritmética entre as tres avaliacións.

-Procedementos-----60%

Será o resultado das distintas prácticas levadas a cabo polo alumno, ben nas maquetas ou no taller sobre vehículo ou sobre elementos previamente desmontados. Valorarase a destreza na execución das mesmas, o seguimento dos distintos pasos para efectualas, o emprego de material de apoio (manuais, información técnica, etc), si é necesario, o traballo en grupo, así coma o mantemento do posto de traballo e medios empregados, incluíndo a súa limpeza, o uso correcto das ferramentas e útiles empregadas, e cumprimento das medidas de seguridade correspondentes a cada práctica.

É requisito indispensable para aprobar o módulo ter en cada un dos apartados anteriores (contidos, procedementos) unha nota mínima dun 5.

No caso de que a nota acadada nunha das partes (contidos ou procedementos) sexa inferior a 5, a do boletín será como máximo 4.

No caso de que se suspenda o módulo (nota inferior a 5) recuperaranse unicamente os parciais con nota inferior a 5.

Para que as cualificacións queden sen decimais aplicarase o redondeo a unidade seguinte o número decimal. Sempre que sexa igual ou superior 0,6 o decimal será redondeado a seguinte cifra.

Por exemplo:

6,5=6;
7,6=8

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de que o alumno/a non superara o módulo, éste será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seranlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá na realización dunha proba que constará de dúas partes, cada unha delas cunha duración máxima de 3 horas:

- parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: elección, resposta corta e/ou de desenvolvemento (máis ou menos amplo) de cuestións relacionadas cos contidos do módulo
- parte práctica: consistirá na resolución de casos prácticos relacionados cos contidos do módulo.

Ambas partes puntúan sobre 10 e será requisito imprescindible obter unha puntuación mínima de 5 puntos en cada unha delas para obter unha calificación positiva no módulo, que se achará a partir da media de ambas partes.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento sobre o seguimento da programación será a indicada polo departamento de calidade do centro para este curso e mediante a aplicación informática de programación.

Inicialmente seguirase o seguinte:

Mensualmente e de acordo co proceso de mellora da calidade do centro, se informará nas reunións do equipo docente dos motivos polos que non se cumpra o previsto na programación así como as medidas a adoptar para a súa adecuación á mesma.

No caderno de aula (MD.75.AUL.01) se indicarán as actividades realizadas e, especialmente as avaliacións (data e instrumento empregado).

O seguimento de avaliación docente se fará de acordo co proceso de actividades de aula, mediante a enquisa de satisfacción do labor docente (MD.82.CLI.04), de acordo co procedemento PR.75.AUL onde se indica a satisfacción por módulos e se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias nas reunións do equipo docente de grupo.

En todo caso seguiranse as indicacións da xefatura de departamento e de calidade para dito seguimento, reuníndose o equipo docente mensualmente para valorar o grado de cumprimento da programación

A avaliación da propia práctica docente tamén será a indicada polo departamento de calidade para este curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O inicio do curso, se realizará unha proba con preguntas para determinar o nivel inicial de coñecementos. Dita proba non puntuará .

Realizaranse as enquisas e as indicacións do departamento, da xefatura de estudos, departamento de orientación e departamento de calidade, cuxo obxectivo sexa acadar información pronta sobre o potencial e dificultades académicas do alumnado do grupo.

Dos resultados da avaliación inicial obteranse os informes sobre as capacidades iniciais do alumnado e determinarán as posibles medidas de reforzo ou extraordinarias a aplicar.

O informe de esta avaliación inicial se levará á reunión do equipo docente para a súa análise.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para recuperar aqueles aspectos que non foron acadados satisfactoriamente polo alumno, plantexaranse actividades extras para compensar as carencias que sexan detectadas, e poder acadar as capacidades terminais elementais, estas actividades serán de carácter práctico e/ou teórico, facilitándolle nas sesións de ensinanza-aprendizaxe concepto de apoio e soporte.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O relativo a educación en valores está referido nas respectivas unidades didácticas dentro dos criterios de avaliación que fan referencia a actitude de traballo de organización en grupo, orde e limpeza, actitude positiva de traballo e colaboración, etc. partindo duns mínimos exixibles para alumnos que obtan a acadar o título profesional.

De maneira xeral:

Durante todo o curso, o alumnado do módulo incorporará no seu traballo actitudes e comportamentos de acordo aos seguintes temas:

Educación ambiental: fará fincapé na importancia de cumprir as normas medioambientais (eliminación de residuos como aceites, combustibles sucios etc. segundo as normativas vixentes). A importancia de que os sistemas antipolución que incorporan os automóviles funcionen de forma correcta.

Educación para a saúde: Introducirase a educación para a saúde nas unidades didácticas relacionadas coa seguridade e hixiene no traballo, así como cada vez que se trate o uso e funcionamento dalgunha ferramenta.

Educación para a convivencia: A educación para a convivencia manifestarase nos traballos en grupo, que teñen lugar no módulo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares definitivas será as que se indiquen no momento polo departamento en acordo con tódolos ciclos e cursos da familia profesional.

De tódolos xeitos, dende este módulo se proporá unha visita a unha factoría de vehículos e/ou de fabricación de compoñentes e outra conferencias ou demostracións específicas sobre os obxectivos do módulo.

En Febreiro o alumnado participara nas Xornadas Ensino-Empresa promovidas polo centro todos os anos.

10. Outros apartados

10.1) PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR NOS DISTISTOS CASOS AFECTADOS POLO COVID-19:

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR NOS DISTISTOS CASOS AFECTADOS POLO COVID-19:

¿ 1º ENSINO PRESENCIAL: a avaliación realizarase segundo os criterios de avaliación indicados no apartado 5

¿ 2º ENSINO SEMIPRESENCIAL: no caso de que algún alumno este en cuarentena terá dereito a asistir as clases de forma telemática.

Avaliaríase igual que no ensino presencial, os exámenes fariáanse a través da aula virtual e os traballos se entregarán na aula virtual.

¿ 3º FORMACIÓN TELEMÁTICA POR ESTAR TODOS EN CUARENTENA: impartiríanse as clases telemáticamente, respetando o horario do curso, e o método de avaliación sería 50% exámenes a través da aula virtual e 50% traballos entregados tamén a través da aula virtual.

Intentaríase respetar o reparto das unidades didácticas por avaliación.

Para aprobar é necesario sacar una nota mínima dun 5 sobre 10 en cada unha das partes.

Encalquera caso para poder facer a media, será necesario acadar un 5 en cada unha das avaliacións.

No caso de que fora necesaria a impartición na modalidade semi presencial, ou ben a distancia teremos as premisas seguintes: Será preciso que o alumno dispoña de conexión a internet, ordenador, web cam e micrófono para poder realizar as sesións online mediante o programa Cisco Webex ou Falemos Xunta.

Ademais os contidos da materia estarán na Aula Virtual para a súa consulta.

Para o alumnado con algunha parte sen superar, realizará o exame final das partes que non superara ao longo do período ordinario.